

Aínda que vestixios achados na zona do Hío confirman a existencia nesta comarca de anteriores poboadores, pode dicirse, sen embargo, que a poboación de Cangas como tal foi fundada polos gregos.

En efecto, o nome de Hío, co que se denomina unha das súas principais parroquias, non é común nin na costa nin no interior. "Yo" é o nome asignado na mitoloxía grega á filla de Peiren e de Vasos. Na lenda clásica é coñecida como filla de Ynaco en río principal da Argólida e era conceptuada como sacerdotisa da gran deusa nacional Hera: nome que, dada a súa similitude co da citada parroquia, acusa unha orixe innegablemente grega, é dicir, que o nome foille imposto polos colonizadores gregos como recordo ós seus deuses patrios.

Tal orixe grega aparece confirmada polos respectables cronistas Fray F. de la Gándara nos seus *Triunfos y armas de Galicia*, Silva Caro, Medado e Mador, quen afirman que despois repoboárona os galos e romanos. Estes cando reedificaron a Pons-vetris, hoxe Pontevedra, déronlle algunha importancia.

Foi das primeiras poboacións que se acolleron ó cristianismo que lle foi predicado, segundo é fama, polo mesmo Apóstolo Santiago e despois por San Epitavio, o seu discípulo e primeiro bispo de Tui. Cando no ano 669 é nomeado Gobernador de Galicia o despois Rei godo Witiza, viviu nesta poboación a famosa Dona Luz, Duquesa de Cantabria, a que se supón nai de Don Paio, alcanzando neste século VII bastante esplendor a poboación.

No ano 997 foi saqueada polas tropas de Sidi Mohamed Ben Abdalian El Mansour, saqueo que os mouros repetiron máis tarde, no 1004, ó mando de Wair Mahomed, que tamén arrasou Santiago.

Agregada no ano 1121 ó señorío da Mitra Compostela de Santiago, o Arcebispo Diego Xelmírez concedeulle privilexios e títulos de "Moi Leal". Desta época datan as actuais armas do escudo de Cangas pois, en obediencia a Santiago, uniu as desta cidade ás súas, que eran soamente un sol de ouro en campo azul.

Deste século XII existen vestixios aínda hoxe na capela da Magdalena, modificada despois, de verdadeiro estilo románico.

Da súa importancia no século XV danos idea o feito de que Vigo, en 1440, se denominaba "Vigo de Redondela", en tanto que Cangas era vila principal, pertencente ó señorío da Mitra Compostelana.

Tamén ó século XV pertencía o antigo templo de Darbo e pertence aínda hoxe a absida reconstruído da igrexa de Coiro. Consideramos imposible que Cangas non tivera xa daquela a súa igrexa principal, sobre a que despois puido edificarse a actual.

En 1541 comezou a ser levantada a magnífica igrexa de Cangas que actualmente temos. Contra a opinión de quen pretenden encadrarla no século XVII, unha pedra existente no muro sur do edificio, na que aparece gravado ese ano, e a inscrición que tamén en pedra aparece gravada no lado sur da capela Maior, confirman que D. Andrés Ortega de Cerezo, coengo da Catedral de Burgos e prior da mesma, erixiuna en Colexiata coa aprobación en 1542 do Arcebispo de Santiago Don Gaspar de Avalos. A Súa Santidade o Papa confirmou o feito en 1545. A sepultura de don

Andrés Ortega está no centro do presbiterio, aínda que disto non teñamos máis referencia que esa inscrición.

A construción do novo templo tivo como protectores a don Juan Ramos y Marta de Pontes. Os seus bustos parece ser que son os que figuran na fachada principal da igrexa. Dous bustos semellantes figuraban antano no mainel da porta principal na Casa de Quirós e, ó ser derruída está, coidaron de que fora a parar ó Museo de Pontevedra, onde hoxe se atopan, por atribuírse a estes personaxes.

Cando a batalla de Pavia, en 1525, un soldado galego, que era nativo de Coiro, xurisdicción de Cangas, Alonso Pita da Veiga, foi o que fixo prisioneiro a Francisco I, Rei de Francia, que lle entregou banda, espada e manoplas. Pita da Veiga defendeu coa súa vida ó Rei francés. Por este feito concedéuselle fidalguía e escudo de armas con banda, espada e manoplas. Deste Pita da Veiga dise que descenden familias de mariños no Ferrol.

Despois da gloriosa batalla de Lepanto, Cangas foi saqueada o día 9 de decembro de 1617. Nos días 8 e 9 fondeou ante a vila de Cangas unha escuadra de "once naves grosas" de piratas turcos e mouros que, cos seus poderosos canóns, protexeu o desembarco de 2.000 homes en Punta Balea e Punta Rodeira. Ó seu encontro saíron, máis ben por honor que con esperanzas de triunfo, os capitáns Pedro Costa e Pedro Bermúdez e o alférez Domingo Pérez Hurtado e Domingo Pedro de Montaos cos demais veciños, facendo unha heroica e ben inútil resistencia. Quedou a vila a mercede dos piratas e sen vida máis de cen persoas, cautivándose máis de douscentos homes, mulleres e nenos "desta vila que era das principais do reino". Di Gregorio Núñez, Procurador da vila de Cangas, ó decatarse deste feito, que "asi mesmo roubaron a dita vila, queimaron e destruíron as tres partes dela e as casas máis principais e da xente máis principal e rica que nela había", "quedou perdida, estragada e despoboada, e a xente que quedou tan pobre e necesitada que non lles quedou un vestido para botar sobre eles nin as súas mulleres e familia". Queimaron aqueles piratas a igrexa Colexiata "e prendéronlle lume a un Santo Cristo que era de moita devoción e milagre e non quixo arder". Así, nestas frases reza o parte que o Procurador enviaba ó tribunal superior e delas nace o primeiro vestixio da imaxe do Santísimo Cristo do Consolo.

Por consecuencia de tan tráxico acontecemento, quedou a vila en estado de máxima postración da que tardou en repoñerse.

Parece ser que por Cangas andou ou andaron algúns familiares do descubridor de América, Cristovo Colón.

Cangas, xa no século XVI, era un renomeado porto pesqueiro. Sacábanse de aquí grandes rendementos de congrio, pescada, cecial e outros peixes que ben se vendían frescos ou se enviaban secos á exportación para varias provincias de España e mesmo ó estranxeiro, o cal revela a importancia excepcional das súas flotas pesqueiras e comerciais. Segundo escrituras do 1666 ó 1668 exportábase tamén a Inglaterra, onde eran moi apreciadas, grandes cantidades de limóns e laranxas.

A restauración da igrexa Colexiata efectuouse no século XVII. O 2 de agosto de 1649, xuntos e congregados o Prior e Racioneiros da citada Colexiata, dictaron as constitucións, Ordenanzas e Estatutos da igrexa Colexial, modificando con estas as primitivas constitucións.

Tamén neste século XVII, a igrexa de Santa María de Darbo, queimada na invasión de 1617, foi obxecto de reconstrución engadíndoselle en 1655 a capela das Angustias.

O que poderíamos chamar o "século de ouro" de Cangas, é o século XVIII. Só por mencionar algo, digamos que durante o mesmo construíuse a torre de Coiro, cun ambicioso proxecto que non chegou a desenvolverse totalmente. Os seus executores foron os Novas de Páramos (Tui).

O 28 de xuño de 1712, fúndase a Confraría de Nosa Señora do Rosario de Darbo (tal vez substituíndo a outras constituicións) pois recoñece a existencia anterior de tal Confraría con numerosos confrades e, entre eles, o primeiro que se confirma como tal é o Pontífice de Roma e "o noso monarca Phelipe cuarto Rei de España, e á nosa señora, a Raíña Gobernadora e o noso Príncipe, que Deus os garde, e a tódolos señores que lles herden a súa coroa..."

En 1711, fúndase novamente o Hospital da Vila (que xa debeu existir tamén anteriormente), por don Gonzalo de Nogueira e Araúxo, Prior da Colexiata e Comisario do Santo Oficio, quen se atopa enterrado no que era presbiterio da ex-capela. Logo, en 9 de marzo de 1714 reconstruíuno. En Darbo, a imaxe da Nosa Señora, que primitivamente era de talla, e quedou moi deteriorada na queima de 1617, restaurouse o seguinte ano, vestíndoa en 1626 ata que xa en 1713 encargouse a actual e venerada imaxe, obra de Diego de Sendón, de Baiona. Continuaba, simultaneamente, a reconstrucción da igrexa do mesmo Darbo, pois en 1726 e 1727 ata o 30, fíxose o retablo principal polo mestre tallista Matías González Montenegro, de Moaña, a quen auxiliou Diego de Outeiro. En 1729, fixéronse importantes obras na fachada ata que, en 1733, se alzou a actual sacristía.

Volvendo a Cangas, en 1744, constrúese o gran retablo dourado do altar maior dotado das súas numerosas e valiosas imaxes.

No ano 1780 deuse de esmola, á Confraría de Nosa Señora das Dores de Cangas, o maravilloso "crucifixo de madeira de buxo", coñecido polo Cristo da Minerva, actualmente situado na Sacristía.

A preciosa escultura de San Xosé, foi tamén tallada no ano 1783 por Xosé Pernas, pola cantidade de dous mil reais, que logo se colocou no retablo de Nosa Señora do Carme, levantado polo Gremio do Mar de Cangas, en honor de súa patrona, en 1793.

Durante o mesmo século XVIII e ata 1836, foi capital da península do Morrazo, pois a súa xurisdicción estendíase ás seguintes vilas: Vila de Cangas, parroquias de Santa María de Darbo, San Andrés de Hío, San Ciprián de Aldán, Santa María de Beluso, San Martín de Bueu, Santiago de Hermelo, Santa María de Cela, Santa María de Ardán, San Tomé de Piñeiro, Santa María do Campo, San Pedro de Domaio, San Martín de Moaña, San Xoán de Tirán e San Salvador de Coiro, en total trece parroquias e pouco máis de trece mil habitantes. É dicir, comprendía os actuais municipios de Cangas, Bueu, Moaña, Marín.

Cangas tomou tamén parte activa na defensa de Vigo co glorioso Batallón do Morrazo, aquí formado cando a invasión napoleónica.

Cando as revolucións que derrocaron a Isabel II, a vila canguesa viuse axitada tumultuosamente.

Don Alexandre Martínez Iglesias, fillo de Cangas e Cónsul de España en Filipinas (Manila), enviou para a igrexa parroquial dúas enormes conchas para pías de auga bendita que actualmente están en uso. Fixo tamén outras importantes doazóns.

(Faro de Vigo. 27-8-1978)

PEQUENA HISTORIA DUNHA GRAN VILA.

Cangas estancouse no seu progreso cara a finais do século XVIII. Nos arquivos que revisei, apenas atopei nada. Diríase que para o progreso cangués non houbo apenas século XIX. Ó historiador sálvano para chegar a unhas cuartillas o cólera e a presenza dun humilde canteiro de Aguasantas.

¿Que actuación tivo a nosa vila na Guerra da Independencia de 1803-14? Se a tivo, apenas deixou pegadas escritas. Só se sabe que os cangueses se opuxeron a un desembarco isto, da nosa vella poboación saíron socorros para os patriotas de Vigo e para Marín. Non quedan máis referencias.

Se as construcións dezaoitescas nos falan dun nivel económico emerxente, hai que recoñecer que o do século das luces debeu ser bastante pobre. Datos que poden servir de referencia, só atopamos estes -moi poucos- : é adquirida en Santiago a fermosa e venerada imaxe da Santísima Virxe das Dores, chamada, "a nova". A súa primeira citación aparece por primeira vez nas contas de 1805-1806 da súa Congregación, sen mención de canto custou nin quén a fixo nin quén a regalou, se foi regalada, pois só se trata do seu transporte. E é adquirida en 1811 a preciosa cruz de prata repuxada e ouro da Colexiata, obra do ourive vigués Raimóndez.

O ANTIGO TERMO XURISDICCIONAL CANGUÉS.

Era Cangas, dende séculos antes, cabeza ou capital dunha importante demarcación xurisdiccional, que ademais da vila comprendía as parroquias de Santa María de Darbo, San Andrés de Hío, San Cibrán de Aldán, San Salvador de Coiro, San Martín de Bueu hoxe florecente vila e Concello- Santa María de Beluso, Santa María de Cela, Santiago de Hermelo, Santa María de Ardán, Santo Tomé do Piñeiro, Santa María do Campo, San Pedro de Domaio, San Martín de Moaña -a actual vila, cabeza dun fermoso e pintoresco termo municipal- e San Xoán de Tirán, ademais das illas adxacentes: as Cíes. Nada menos, pois, que quince parroquias, con pouco máis de trece mil habitantes, segundo o censo xeral de 1831. A vixente lexislación administrativa de hai agora un século, fíxolle perder a súa preponderancia político-administrativa, pois en virtude da lei de termos municipais reducíuse o seu territorio á vila e ás catro parroquias rurais de Coiro, Darbo, Hío e Aldán, cunha extensión duns cincuenta quilómetros cadrados.

Outro detalle significativo da perda de importancia de Cangas nesta centuria, constitúeo a supresión da Colexiata, como consecuencia do Concordato de 1851, reducíndose o templo de Santiago de Cangas a simple parroquia co límite de Santa María de Darbo anexa. Esta última separouse definitivamente constituíndose en parroquia independente en 1909.

O CÓLERA

No ano 1854 declarouse en Cangas o cólera morbo. A súa primeira vítima foi o carabineiro Xosé Lorenzo López. Esta triste epidemia estudiouna detalladamente Eugenio Eiroa Hermo nun artigo publicado en FARO DE VIGO ("Interesantes datos atopados entre os vellos papeis". 15.05.1963).

A praga causou numerosos mortos e sementou a desolación entre a veciñanza. E se non houbo máis vítimas foi gracias ás férreas medidas adoptadas pola Xunta Municipal de Sanidade que, presidida por don Eugenio Vicente Matos, tivo por asesor a aquel gran médico que foi don Leopoldo Arnaud.

Cara a outubro decaeu a epidemia, ata que volveu cobrar nova actividade dous anos máis tarde, desaparecendo definitivamente cara ó ano 1868. Era entón presidente da citada Xunta outro ilustre varón non menos enérxico e entusiasta: don Xosé Ramón Sequeiros.

REXURDIR.

No primeiro tercio desta centuria, Cangas experimentou un notable rexurdir, no aspecto material, mercede á construción do seu porto, no que tanto traballou o gran don Eugenio Sequeiros Matos. E no cultural pola fundación en 1911 do Centro Recreativo.

Na época 1921-23, o filántropo cangués, residente en Buenos Aires, don Xosé Félix Soaxe Vilariño, mandou construír as bóvedas do corpo da igrexa Colexiata, e regalou á vila que o viu nacer o amplo mercado de abastos.

Na época da dictadura do xeneral Primo de Rivera (1923-1929), sendo alcalde o lembrado Pedro Rodríguez Pérez, leváronse a cabo grandes obras de modernización da vila. E no periodo seguinte 1931-1935, o termo municipal, durante a alcaldía de don Francisco Eiroa Graña, dotouse dunha ampla rede de camiños veciñais ás parroquias rurais e viu iniciada a estrada transversal, aparte de outras melloras, que máis tarde foron complementadas por outras recentes e coñecidas.

(Da "Historia de Cangas", inédita, de J.F. Eiroa Hermo).

Nota da Corresponsalía:

É, o que antecede, un novo e interesante caderno de "Historia de Cangas", de J.F. Eiroa Hermo, que publicamos, cada ano, nestas páxinas extraordinarias de FARO DE VIGO dedicadas á nosa vila. Quen conserve estes recortes admirará a gran profusión de datos tomados deste periódico, a colección do cal, constitúe verdadeiramente un preciado arquivo histórico. A historia de Cangas, sen embargo, non termina nesa data na que o noso querido colaborador J.E Eiroa Hermo escribiu este novo traballo. Dende o 18 de xullo de 1936 ata agora choveu moito sobre Cangas, sobre Galicia, sobre España e sobre o mundo enteiro. A nosa vila medrou. Novos barrios-Rodeira, Nazareth, Ximeu, Rotterdam, etc-, extendérona polos campos e areais. Novas xeracións van tomando o relevo das antigas no traballo nos actos culturais, na gobernación ... J.F. Eiroa Hermo lanzou nestas páxinas a súa versión da historia de Cangas. Agora, sen renuncia de publicar outras pasaxes dela, pide que outros tomen o facho do relevo para o relato e recompilación dos feitos acontecidos nos novos tempos. Esperemos que entre os nosos mozos intelectuais non falte quen, como el nos dicía, recolla esa historia, continúa, e sobre todo a someta a unha constante e fecunda revisión. Porque ben é sabido que en historia pouco hai definitivo e, como diría o finado mestre Vicens Vives, non podemos facer historia, senón unha aproximación á historia.

(Faro de Vigo. 26-8-1973)

(Publicado en "Festas do Cristo". Cangas, Agosto de 2000)